

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPDTE	INSTRUCCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO ATOPO: ACCESO NA REDE AOS FONDOS E CATÁLOGO DO SPDB E MUSEO, SEN IDENTIFICACIÓN PREVIA	Ref.
Trámite	Traslado Resolución Presidencial de Aprobación	

Polo deputado delegado de Economía, Facenda e Réxime interior, a día 22.05.2019, díxose a seguinte resolución:

“Esta Deputación ten desenvolvido, baixo a denominación referida como ATOPO, un portal de descubrimento de recursos de información a partir das coleccións e fondos documentais, bibliográficos, cartográficos e audiovisuais do Museo de Pontevedra, do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación (SPDB), dos arquivos municipais e doutras institucións, públicas ou privadas, da provincia de Pontevedra.

Este descubrimento de recursos artículase dunha dobre maneira: como un medio de acceso a todo un repositorio dixital de documentos e obras (repositorio vivo que engade fondos de xeito continuo), e como un catálogo que da conta de todos os fondos antes referidos pero que non se encontran aínda dixitalizados ou non son legalmente susceptibles de acceso directo.

A utilidade cara á cidadanía en xeral do instrumento resulta indubidable.

Busca, esta instrución, servir de fundamentada autorización ou amparo normativo a tal iniciativa, así como lembrar as regras xerais que, en aplicación da lexislación aplicable, son de observar na súa posta en práctica.

Ha advertirse, en primeiro lugar, que esta instrución non aborda, senón de pasada, o proceso de obtención de obras que puideran ser destinadas ao seu acceso público. Neste punto resulta obrigada a mención dos escasos estudos que, respecto da harmonización entre o acceso público e a preservación dos dereitos de protección de datos persoais (polo que respecta a iniciativas como a que se presenta) e da propiedade intelectual existen. Non obstante, no que atinxe a este último punto o documento denominado “*Directrices y Procedimientos para la Documentación y Gestión de los Derechos de Propiedad intelectual del Patrimonio Fotográfico. Versión 1.2. (actualizado a 25 de abril de 2018)*”, elaborado por la Subdirección General de los Archivos Estatales do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, constitúe un valioso elemento a considerar xa que moitas das súas precisións serían de aplicación máis alá do patrimonio fotográfico.

Haberá pórse especial coidado na articulación dos convenios ou instrumentos en virtude dos que se produce a obtención de novas obras, co fin de regular os aspectos relativos á propiedade intelectual e dereitos de explotación dos mesmos. As dúbidas ou casuística que en concreto podan presentarse ao respecto resolveranse entón, podendo completarse, de ser necesario, a presente instrución.

FUNDAMENTO NORMATIVO**1. A conveniencia – obriga do acceso a través da rede á documentación obrante nas bases de datos xestionadas polo Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico e no Museo de Pontevedra**

En desenvolvemento do art. 105 b) da Constitución, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, inclúe no seu art. 13

como dereito das persoas nas súas relacións coas Administracións o: *“acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico”*.

Por outra parte, os principios de transparencia e publicidade activa veñen sendo unha constante desde a sinalada Lei 19/2013. Esta lei non contempla disposicións específicas respecto dos repositorios arquivísticos, se ben establécense no seu art. 5 uns principios que, *mutatis mutandis*, poden entenderse aplicables á materia que se trata, destacadamente no que respecta á publicación nas sedes electrónicas ou páxinas web da información suxeita ás obrigas de transparencia dun modo claro, estruturado, accesible e reutilizable.

Máis concretamente, o art. 19 do Real Decreto 1708/2011, de 18 de novembro, polo que se establece el Sistema Español de Archivos e se regula o Sistema de Archivos da Administración General del Estado e dos seus Organismos Públicos e o seu réxime de acceso, contempla un importante mandato para a o desenvolvemento dun portal de arquivos españois accesible desde internet, de bases de datos descritivas e imaxes dixitalizadas dos documentos, co fin de fomentar o acceso libre y gratuito dos usuarios; para o impulso electrónico dun Censo Guía de Archivos, ao servizo da cidadanía; e para a elaboración de un catálogo colectivo accesible por Internet, que inclúa información dos exemplares bibliográficos e hemerográficos das bibliotecas dos arquivos do Ministerio de Cultura.

En todo caso este Real Decreto ten un alcance limitado, partindo do seu título competencial e como se deduce da súa disposición final segunda mais. Sexa como for, faise indemorable por en valor e a disposición da cidadanía e cantas entidades podan amosarse interesadas, do importantísimo repositorio documental que o arquivo provincial acumula.

E, nesta liña, compre chamar a atención sobre a Lei 7/2014, de 26 de setembro, de Archivos e documentos de Galicia, directamente aplicable ao arquivo provincial ao formar parte do Sistema de Archivos de Galicia segundo o seu art. 30 b). Do art. 31.1 do mesmo texto dedúcese a competencia desta Administración respecto do acceso aos documentos públicos incluídos no seu arquivo, e o seu apartado 3 a) obriga a aplicar un sistema de xestión documental que *“garanta a autenticidade, fiabilidade, dispoñibilidade e integridade dos documentos, con independencia das técnicas ou dos soportes utilizados”*. Especialmente destacable é o seu art. 23 que, entre outros importantes contidos, expón como *“Os arquivos teñen a obrigaón de proporcionar acceso aos documentos e á información que conteñen por medio dos instrumentos de consulta accesibles na rede, sen barreras de identificación”*, engadindo que *“3. Os arquivos teñen a obrigaón de asesorar e informar á cidadanía na identificación e localización dos documentos que desexen consultar, de acordo coa lexislación vixente.”* Partindo deste precepto as razóns de oportunidade, ou de extensión analóxica doutras normas, que sustentaban o acceso a través de internet aos documentos incluídos no Arquivo Provincial tórnase en imperativo legal.

Cabe lembrar como o art. 24, tamén da Lei galega, nos seus apartados 2 e 3, establece a gratuidade da consulta directa de documentos, así como a utilización dos instrumentos que a faciliten. Poderían establecerse taxas pola obtención de copias ou certificacións, contando coa oportuna habilitación legal, habilitación que, no caso da Deputación como entidade local que é, pasaría pola elaboración e aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

Por outra banda, a extensión deste sistema de acceso público ás obras incluídas en bibliotecas e museos constitúe unha boa práctica aplaudida pola doutrina. Neste sentido ha lem-

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

brarse o dereito constitucional de acceso á cultura (art. 44), e non deben deixar de considerarse as precisións da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre Reutilización da información do sector público, lei de carácter básico e cuxa aplicabilidade á información obrante nos arquivos, museos e bibliotecas dedúcese da formulación xeral do seu art. 3, así como a contraio sensu da exclusión que expresa no apartado 3.3 h), cuxa redacción actual procede da modificación operada pola Lei 18/2015, lei que no seu preámbulo sinalaba:

“En primer lugar, la Ley recoge las disposiciones de la Directiva acerca de la obligación inequívoca para las Administraciones y organismos del sector público de autorizar la reutilización de los documentos, con la excepción de aquellos cuyo acceso esté restringido o excluido en virtud del ordenamiento jurídico nacional, o de los que se sometan a las excepciones contempladas en la Directiva. Se ha ampliado el ámbito de aplicación a las bibliotecas, incluidas las universitarias, los museos y los archivos, dado el importante volumen de recursos de información que poseen y los proyectos de digitalización que vienen llevando a cabo.”

Deste modo a Lei traspón a Directiva 2013/37/UE, de 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE relativa a la reutilización de la información del sector público, establecendo agora o carácter obrigatorio para as Administracións de facilitar a reutilización da información pública e estendendo o seu ámbito a ás bibliotecas, museos e arquivos. Nos seus considerandos 15 e ss chama a atención sobre os valiosos recursos que se conteñen nestes últimos, e como os procesos de dixitalización veñen en aumentar a cantidade de contido dixital do dominio público constituíndo un patrimonio cultural que, cos seus metadatos conexos, teñen un *“enorme potencial de reutilización innovadora”*. Fálase dos sectores da aprendizaxe e o turismo, do seu uso polas empresas da Unión para contribuír ao crecemento e á creación de emprego, con fins educativos, de traballo ou de ocio... O seu art. 3.1, de feito, define a reutilización como *“o uso de documentos que obran en poder das Administracións e organismos do sector público, por persoas físicas ou xurídicas, con fins comerciais ou non comerciais, sempre que dito uso non constitúa unha actividade administrativa pública”*.

No seu art. 4.5 ordena a creación de sistemas de xestión documental que permitan aos cidadáns a adecuada recuperación da información, dispoñibles en liña e que enlacen cos sistemas de xestión postos a disposición por outras Administracións. Así mesmo, facilitarán ferramentas informáticas que permitan a busca dos documentos dispoñibles para a súa reutilización, cos metadatos pertinentes de conformidade co establecido nas normas técnicas de interoperabilidade, accesibles, sempre que sexa posible e apropiado, en liña e en formato lexible por máquina.

O seu art. 5 promove que a reutilización se efectúe por medios electrónicos e plataforma multicanal, así como que a posta a disposición dos documentos para a súa reutilización por medios electrónicos debe realizarse nos termos establecidos polas normas reguladoras da Administración electrónica, a interoperabilidade e os datos abertos.

Todo o que pon de manifesto non so a conveniencia, senón a obriga da iniciativa ATOPO, iniciativa que se enmarca no camiño andado por outras Administracións distintas, tanto a nivel europeo (a biblioteca dixital europea Europea), como nacional (Portal de Archivos Españoles -PARES), ou distintas Comunidades Autónomas (en Galicia: Galiciana - Patrimonio dixital de Galicia) e entidades locais no Estado. Así entendido, facilitar a súa inmediata posta a disposición do público é a razón que xustifica esta instrución; posteriores adhesións a outros sistemas arquivísticos (autonómico, estatal, europeo...) examínanse no seu momento, partindo dos requisitos de interoperabilidade e demais que podan ser esixibles.

2. Primeiro límite. Protección de datos de carácter persoal

O devandito art. 23.1 da Lei galega 7/2014 xa modula o dereito de acceso aos documentos custodiados no Sistema de Arquivos de Galicia, dos que se reitera forma parte o arquivo provincial, “*cando concorran as excepcións ou límites previstos na Constitución e nas leis*”. As referencias a esta normativa tamén son constantes na Lei 37/2007, así como na Lei 19/2013 e demais mencionadas.

Pois ben, as condicións neste sentido que se reproducen na presente instrución parten, en primeiro lugar, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD en adiante), e a recente LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD en adiante). Esta última lei, de feito, remite directamente (tanto no seu preámbulo como no seu art. 1.a) ao RGPD, do que se define como o seu complemento ou desenvolvemento. Considéranse, así mesmo, as disposicións da Lei 19/2013 antes citada e procedéndose a unha interpretación garantista destes dereitos (incluíndo nos mesmos o honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe) en contraste con previsións como as que se contemplan nos arts. 57 de la Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español; 23 da Lei galega 7/2014 e 28 do RD 1708/2011.

3. Segundo límite. Afección aos dereitos derivados da propiedade intelectual e industrial

Respecto dos primeiros, o marco é o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril (TRLPI), da que parten as condicións expostas no apartado 4 desta instrución.

Así mesmo, considéranse as aportacións que, sustentadas na doutrina, xurisprudencia ou consultas de órganos especializados, se recollen no devandito documento “*Directrices y Procedimientos para la Documentación y Gestión de los Derechos de Propiedad intelectual del Patrimonio Fotográfico. Versión 1.2. (actualizado a 25 de abril de 2018)*”, elaborado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte Subdirección General de los Archivos Estatales, que contén un profuso e traballado estudo aplicable en gran medida, e como se sinalou, ás obras en xeral reguladas pola lexislación da propiedade intelectual. Tal estudo ven en constituír un documento de referencia nesta Instrución.

Respecto dos segundos, as definicións parten da normativa sectorial aplicable.

4. Reutilización da información accesible

Como se apuntou no punto 1 deste fundamento normativo, a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, resulta de carácter básico, polo que as súas condicións son lembradas no punto 6 desta instrución.

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**5. Carácter desta instrución. Competencia da Presidencia**

A Presidencia ostenta a dirección do goberno e da administración provinciais, así como a Xefatura superior do persoal ao seu servizo, podendo dirixir ás actividades dos seus órganos mediante instrucións e ordes de servizo, tal e coma establece o artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Non se pretende con esta Instrución a elaboración de normas que regulen ex novo a actividade que se trata, senón de lembrar e dar cumprimento a un mandato legal (como se expuxo ex art. 4 da Lei 37/2007 e art. 23.2 da Lei galega 7/2014), e reproducir para a súa aplicación a normativa xa existente sobre esta materia, destinada ao servizo que, segundo o vixente organigrama, resulta responsable da mesma. Chegado o caso, de pretendese unha regulación específica ou propia desta Administración, propóriase o correspondente regulamento para a súa aprobación polo Pleno.

A presente instrución ten un marcado carácter interno, e como destinatario principal o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación (en adiante SPDB) e o Museo de Pontevedra, en canto responsable do programa ATOPO, na busca de compendiar e sistematizar a normativa que ha de seguir á hora de determinar a información que obre no SPDB e no Museo susceptible de acceso público a través da rede, así como as condicións do mesmo.

Isto sen prexuízo da utilidade deste programa como facilitador, a modo de índice, dos fondos que podan obrar en poder da Deputación e que, sen embargo, non podan ser obxecto de acceso senón logo da súa oportuna petición e valoración das circunstancias concorrentes. Neste sentido, aprovéitase tamén esta instrución para sinalar algunhas condicións básicas a comprobar nestes últimos casos.

Por todo o exposto, visto os informes da Vicesecretaría do 25.04.19 e do 22.05.2019, aos que se fai expresa remisión a efectos de fundamentar a presente, así como as observacións efectuadas polos servizos implicados, e considerando as funcións conferidas polos artigos 34.1, nos seus apartados a) e h), da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; 105.1 b) e g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 61.2 e 8 do R. D. 2568/1986, do 28 de novembro, en uso da competencia delegada pola Presidencia en materia de réxime interior,

RESOLVO,

1. Autorizar a publicación no portal web da documentación e información que obre no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación (en adiante SPDB) e o Museo de Pontevedra, que cumpra os requisitos e nas condicións sinaladas na seguinte instrución.

2. Aprobar a seguinte:

INSTRUCCIÓN DE SERVIZO PARA POSIBILITAR O ACCESO AO PROXECTO ATOPO (COLECCIÓN DOCUMENTAIS E BIBLIOGRÁFICAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA), E SINALANDO OBSERVACIÓNS PARA O ACCESO LOGO DE PETICIÓN INDIVIDUALIZADA

1. Ámbito de aplicación. Obxecto

1. A presente Instrución ten por obxecto, como se expuxo, compilar as normas conforme ás que se poderá proceder á publicación no portal web, polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación (en adiante SPDB) e o Museo de Pontevedra:

- Dos documentos e obras que se encontren baixo a súa custodia, dixitalizados, e cuxa consulta non se encuentre prohibida polo ordenamento xurídico.
- Das fichas ou referencias bibliográficas da totalidade dos fondos que sexan accesibles, con independencia de que se encontren ou non dixitalizados e, no caso de estalo, de que se poidan visualizar ou non, así como á dispoñibilidade de consulta/préstamo/copia deses fondos.

Os documentos e obras que se van incluír no repositorio documental haberán xustificarse pola posibilidade da súa reutilización, nos termos da Lei 37/2007, de 16 de novembro, incluíndo por suposto, aqueles de carácter de arquivo en interese público, sexa histórico, artístico, científico, estatístico, educativo ou cultural en xeral, sempre cos límites que se expresan. Por este motivo a regra xeral será a non afección a datos de carácter persoal, sen prexuízo do sinalado no punto 3.

Non se incluírán aqueles documentos que carezan das anteriores condicións, mesmo susceptibles de, a través dos oportunos procedementos de valoración, expurgo; nin os documentos cuxo principal, ou único, interese sexa predicable respecto das persoas afectadas.

2. Non será de aplicación ao acceso aos expedientes en tramitación, que se rexerán pola lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

O acceso individualizado a documentos ou expedientes que non podan ser obxecto de publicación non é obxecto desta instrución, se ben efectúase algunha consideración no seu punto 10.

2. Responsabilidade

a) Plataforma dixital

O Servizo provincial de Novas Tecnoloxías proverá o soporte a través de sitio web, ou sistema de entrada do portal web, no que se poderá pola cidadanía acceder á documentación e catálogo anteriores.

O soporte garantirá a autenticidade, fiabilidade, dispoñibilidade e integridade dos documentos, así como a súa inalterabilidade. O acceso producirase sen barreras de identificación e de forma sinxela.

Así mesmo, o Servizo de Novas Tecnoloxías facilitará o mantemento das bases de datos (Koha e Atom) das que se nutre o proxecto ATOPO. Dito mantemento deberá estar garantido no momento de saída do portal web.

O mantemento inclúe as operacións necesarias para a adaptación aos requisitos tecnolóxicos ou normativos en cada caso dispoñibles ou vixentes.

b) Determinación, disposición e estruturación da información a publicar

O SPDB e o Museo disporán a documentación accesible dunha maneira clara, estruturada

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

e entendible para os interesados e, preferiblemente, en formatos reutilizables, ostentando a responsabilidade da súa inclusión no repositorio accesible en rede sen necesidade de identificación, ou no catálogo, de conformidade con esta instrución e á normativa á que a mesma se refire. Corresponderá ás xefaturas de ambos servizos garantir o anterior, podendo establecer os procedementos e protocolos de comprobación, distribuír as funcións ou instar a emisión de informes ou verificacións das condicións, por parte do persoal ao seu servizo, con autonomía funcional¹.

A estruturación adaptarase á normativa aplicable á clasificación dos fondos das Administracións Públicas, especialmente respecto do RD 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade.

3. Límites ao acceso público na rede en atención á normativa de protección de datos de carácter persoal, dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe

1. Sistematízanse do seguinte modo, debendo aplicarse segundo o disposto neste punto:

SUPOSTO (documentos ou obras)	CONDICIÓN PARA A DIFUSIÓN
<p>A) Como regra xeral disociaranse os datos persoais², e non conterán imaxes de persoas, salvo as autorizadas segundo os apartados posteriores.</p> <p>Acceso parcial.</p>	<p>Poderán ser obxecto de acceso público sen máis. Non obstante, a disociación ha de ser de tal modo que se impida a identificación das persoas afectadas, e que esta non sexa deducible do propio documento publicado, ou presumible doutros en relación co publicado.</p> <p>Poderán ser, así mesmo, accesibles sen condicións as partes dos documentos ou obras nas que non existan datos persoais ou imaxes non autorizadas segundo o exposto.</p>
<p>B) Conteñen datos nominativos ou meramente identificativos das persoas, que non afecten á súa seguridade (nin á de terceiros³) nin teñan a consideración de especialmente protexidos. Haberá extremarse a cautela de que non se vinculen con outros datos persoais.</p>	<p>Consentimento da persoa afectada ou esta falecese. O consentimento referirase necesariamente á publicación dos datos. A menos que dito afectado fixera manifestamente públicos os datos con anterioridade. Cando se tratase de datos meramente nominativos que se obtivesen e publicasen no exercicio dunha función pública, de acordo cos arts. 6 do RGPD e 8 da LOPDGDD.</p>

¹ El referido documento: “Directrices y Procedimientos para la Documentación y Gestión de los Derechos de Propiedad intelectual del Patrimonio Fotográfico. Versión 1.2. (actualizado a 25 de abril de 2018)”, elaborado por el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte Subdirección General de los Archivos Estatales, contempla completos esquemas y cuadros de procedimientos para la incorporación de fotografías a los catálogos accesibles, que pudiera ser de utilidad en lo referente a los límites derivados de la propiedad intelectual; y como base para comprobar los restantes que se apuntan, de completarse adecuadamente.

² Evidentemente, no de los autores de las obras, que necesariamente han de constar.

³ P.ex., domicilios (qué sí podrían afectar a terceros que conviviesen).

<p>C) Conteñen outros datos persoais, non especialmente protexidos.</p>	<p>Consentimento expreso e por escrito das persoas afectadas (consentimento que se referirá necesariamente á publicación dos datos)⁴. A menos que dito afectado fixera manifestamente públicos os datos con anterioridade.</p> <p>Ou, transcorridos vintecinco anos desde a súa morte. Cando non fora posible coñecer a data ou o feito do falecemento e o documento ou documentos posúan unha antigüidade superior a cincuenta anos.</p>
<p>D) Conteñen imaxes das persoas.</p>	<p>Será posible dita difusión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de existir consentimento expreso da persoa, que haberá de versar sobre a publicación da fotografía. - Cando se trate de persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública e a imaxe se capte durante un acto público ou en lugares abertos ao público. - As caricaturas das anteriores persoas, de acordo cos usos sociais. - Cando se trate de imaxes que aparezan como meramente accesorias dunha información principal. <p>Haberá considerarse que o dereito á imaxe afecta tanto ás obras fotográficas como ás simples ou meras fotografías, segundo se definen no punto seguinte desta instrución.</p>
<p>E) Conteñen imaxes de menores.</p>	<p>So procederá a publicación de imaxes de menores que teñan a consideración de accesorias, sempre que se garanta, a través dos oportunos mecanismos técnicos, a distorsión da súa imaxe para evitar a súa identificación.</p>

⁴ No son de imaginar muchos supuestos en los que se busque recabar el consentimiento de las personas afectadas para publicar sus datos (en atención al tipo de fondos de esta iniciativa), pero de así proceder deben recordarse las reglas especiales respecto de los menores y sometidos a tutela, en cuanto a la forma de sustituir o integrar sus consentimientos (personas que ostenten su representación legal).

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

2. Non se incluírán no repositorio accesible documentos ou obras que conteñan datos especialmente sensibles das persoas, a menos que a persoa afectada fixera manifestamente públicos tales datos con anterioridade, ou a súa publicidade viñera esixida por unha norma con rango de lei.

Excepcionalmente, e respecto de persoas con transcendencia pública ou relevancia histórica, analizaranse caso por caso, considerando o interese xeral na difusión, o tempo transcorrido desde a súa morte, o prazo de protección dos dereitos relacionados co honor, intimidade persoal o familiar e propia imaxe, o seu posible consentimento expreso e por escrito (consentimento que se referirá necesariamente á publicación dos datos)⁵, así como as restantes circunstancias que puideran concorrer. Engadírase informe xurídico.

3. Enténdense por datos persoais especialmente protexidos os de carácter policial, procesual, penal ou sancionador (salvo que a publicidade veña esixida como integrante da sanción ou autorizada por norma con rango de lei); clínico ou de calquera outra índole que poidan afectar á seguridade das persoas, ao seu honor, á intimidade da súa vida privada e familiar e a súa propia imaxe, ou aos supostos de violencia de xénero; os que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, conviccións relixiosas ou filosóficas, orixe étnico ou racial, saúde (na definición destes que contempla o art. 5.1 g) do Real Decreto 1720/2007), vida ou orientación sexuais, xenéticos ou biométricos; ou demais que teñan tal consideración de especialmente protexidos nos termos da normativa de protección de datos persoais ou sectorial de aplicación⁶.

Lémbrese que as posibles afeccións a estes dereitos haberán de examinarse puntualmente ou por grupos de procedementos similares, considerando as diferentes circunstancias concurrentes. Neste sentido, e por exemplificar, non caberá a difusión de proxectos ou planos de edificacións privadas de ter a consideración de vivenda ou domicilio; nin os titulares das licenzas de obras para vivendas concedidas pola mesma razón; entre outros distintos que poden presentarse.

4. Garantírase o dereito das persoas e institucións sinaladas no art. 3 da LOPDGDD para dirixirse aos responsables ou encargados do tratamento dos datos de persoas falecidas, co fin de solicitar a súa rectificación ou supresión, nos termos establecidos en tal precepto e segundo e os regulamentarios de desenvolvemento.

Non obstante, o dereito de supresión haberá exercitarse segundo o art. 17 do RGPD, por remisión expresa do art. 15 da lei, non procedendo cando o tratamento sexa necesario por fins de arquivo en interese público, de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, nos termos dito precepto sinala.

4. Límites ao acceso público na rede pola aplicación da lexislación en materia de propiedade intelectual

1. As obras, entendendo por tales as definidas polo art. 10 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril (en adiante TRLPI) que se encontren no SPDB ou no museo provinciais so poderán obxecto do acceso regulado nesta instrución cando:

⁵ O solo consentimento da persoa afectada non bastará, sen embargo, para permitir a publicación, ou acceso, cando se conteñan datos referentes a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnico.

⁶ Censual, tributaria, etc.

- a) Se encontren no dominio público.
Lémbrese que de acordo co art. 13 do TRLPI non son obxecto de propiedade intelectual as disposicións legais ou regulamentarias e os correspondentes proxectos (han de considerarse incluídas as ordenanzas locais, presupostos, instrumentos do planeamento urbanístico), as resolucións dos órganos xurisdicionais e os actos, acordos, deliberacións e ditames dos organismos públicos, así como as traducións oficiais de todos os textos anteriores. Isto con excepción das súas edicións nos termos sinalados no art. 129 do TRLPI, segundo se sinala no cadro do apartado 2 deste punto.
- b) A Deputación sexa titular dos dereitos de propiedade intelectual.
Inclúense neste apartado os informes, programas, proxectos ou actuacións en xeral dos empregados públicos municipais froito da súa relación de traballo coa Administración.

Haberán de considerarse os documentos que, por razóns motivadas, non se poñan a disposición pública sen máis para a súa reutilización, como nos supostos contemplados nos apartados d), g), h), k) ou l) do art. 3 da Lei 37/2007.

Así, quedan expresamente excluídas deste apartado aquelas obras que aínda tendo sido editadas pola Deputación, esta se reservase o seus dereitos de propiedade intelectual, como por exemplo as publicadas pola Editorial ou O Museo.

En caso de existir copia dixitalizada destas obras, o acceso dos usuarios externos fíxase unicamente a través dos terminais (e IPs) establecidos a tal efecto nas salas de consulta e investigación do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación e do Museo de Pontevedra.

Tratándose de obras ou documentos que procedan de contratos administrativos de servizos concertados pola Deputación, atenderase aos termos do contrato, pero con especial consideración da normativa contractual administrativa aplicable segundo o tempo da contratación⁷. De proceder de contratos privados atenderase aos seus termos e lexislación civil de aplicación. E, en todo caso, ha considerarse especialmente o art. 110 do TRLPI.

Nestes casos poderá instarse informe da Secretaría Xeral ao respecto.

- c) Respecto das obras ou documentos cuxos dereitos de autor pertencen a terceiros.

Nestes casos a posta a disposición da cidadanía das súas imaxes dixitais nas condicións que se tratan solo será posible no caso de que a organización adquirira os dereitos de comunicación pública necesarios para isto. Haberá que estar aos termos da cesión por parte dos seus autores, ou alcance ou condicións da adquisición das mesmas, así como das especiais advertencias ou límites á difusión ou reutilización que nestes casos haberían de constar.

En canto aos fondos dos concellos ou outras entidades, estarase ao sinalado no punto 8

⁷ Hoy art. 308.1 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público. En sus períodos de vigencia: el art. 301.2 del RD. Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (con contenido prácticamente igual); el art. 277.2 Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público (también con contenido prácticamente igual); etc. También es de considerar el art. 110 del TRLPI.

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

desta instrución. Respecto á catalogación dos fondos non accesibles directamente, ao precisado no punto 7.

2. Considerarase no dominio público aquelas obras que cumpran as condicións que en cada caso se sinalan:

SUPOSTO	CONDICIÓN ⁸
A) Autor ou autora falecido/a. Aplicable así mesmo ás obras orfas (segundo se definen no art. 37 bis do TRLPI) cuxo autor é coñecido, pero non localizado.	Falecemento antes do 07.12.1987: Transcurso de 80 anos desde a súa morte ou declaración de falecemento. Falecemento tras o 07.12.1987: Transcurso de 70 anos desde a súa morte ou declaración de falecemento.
B) Para o caso de obras anónimas ou seudónimas, segundo se refiren no art. 6 do TRLPI. Aplicable así mesmo ás obras orfas (segundo se definen no art. 37 bis do TRLPI) cuxo autor é descoñecido ⁹ .	Divulgadas licitamente: Transcurso de 70 anos desde dita divulgación lícita. NON divulgadas licitamente: Transcurso de 70 anos desde a súa creación. *Cando antes de cumprirse estes prazos fora coñecido o autor ou autora, ben porque o pseudónimo que adoptou non deixe dúbidas sobre a súa identidade, ben porque o mesmo autor a revele, será de aplicación o disposto no punto A) deste cadro. Tamén o será cando se identifique á persoa autora das obras orfas.
C) Obras en colaboración ou coautoría segundo se definen no art. 7 do TRLPI.	Transcurso de 70 anos desde a morte ou declaración de falecemento do último coautor supervivente. ¹⁰ Se o último coautor supervivente falecese antes do 07.12.1987, o prazo anterior será de 80 anos.
D) Obras colectivas segundo se definen no art. 8 do TRLPI.	Transcurso de 70 anos desde a divulgación lícita da obra.

⁸ Respecto do cómputo dos prazos vid. [apartado 5 deste punto](#).

⁹ En estos casos, sin embargo, es posible la difusión previa de las obras huérfanas si, de acuerdo con el mencionado art. 37 bis del TRLPI y el RD 224/2016, de 27 de mayo, por el que se desarrolla el régimen jurídico de las obras huérfanas, se dan los requisitos que los mismos prevén: búsqueda diligente y de buena fe e inscripción en la base de datos de obras huérfanas de la Oficina de Propiedad Intelectual de la Unión Europea (art. 4.8 del mencionado RD). El uso de estas obras sería con fines culturales y educativos, y como tales así advertirse (art. 37 bis.4 do TRLPI).

¹⁰ Caso composiciones musicales vid. art. 28.1 TRLPI.

	<p>Este prazo aplícase tanto no caso de que o titular orixinario da obra colectiva sexa unha persoa xurídica, que non falece, como cando se trate dunha persoa física.</p> <p>Non obstante, respecto das persoas xurídicas que adquirisen a título orixinario a propiedade intelectual dunha obra antes do 07.12.1987: Transcurso do prazo de 80 anos desde a súa publicación.</p> <p>E, respecto das partes da obra dos autores identificados, aplicarase o sinalado nos apartados A) e C) deste cadro, segundo se tratase de partes individuais ou en colaboración.</p>
E) Obras compostas (art. 9 TRLPI) ou derivadas (art. 11 TRLPI).	Aplicaranse as regras anteriores, respecto da parte da obra (autónoma ou derivada) correspondente ao seu autor.
F) Meras fotografías ¹¹ .	Transcurso de 25 anos desde a realización da fotografía ou reprodución.
G) Obras inéditas ¹² .	Transcurso de 25 anos desde a divulgación lícita da obra.
H) Respecto das Obras non protexidas ¹³ ; Programas de ordenador; artistas intérpretes o executantes; fonogramas; gravacións audiovisuais; dereitos das entidades de radiodifusión, bases de datos.	Non son esperables, en principio, que estas obras teñan acceso ao repositorio ATOPO, non obstante fanse constatar por se así fora, chegado o caso. Atenderanse aos prazos sinalados nos arts. 130.2, 98, 112, 119, 125, 127 e 136 do TRLPI, respectivamente.

3. Entenderase por divulgación lícita dunha obra a realizada mediante distribución (art. 19 TRLPI) ou comunicación pública (art. 20 TRLPI) sempre que a mesma sexa:

¹¹ A fotografía orixinal defínese no art. 10.1 h) TRLPI, e ten o carácter de obra orixinal a todos os efectos.

As meras fotografías no art. 128 do mesmo texto, por contraste coas anteriores.

As reiteradas “Directrices y procedimientos para la documentación y gestión de los derechos de propiedad intelectual del patrimonio fotográfico” (versión 1.2, actualizada a 25.04.2018), do Ministerio Educación, Cultura y Deporte, Subdirección General de los archivos estatales contempla, nas súas páxinas 71 e ss, valiosos criterios interpretativos para diferenciar as fotografías orixinais das meras fotografías, con cita de xurisprudencia do TS e mesmo europea.

¹² Entendendo por tales **las no publicadas** de autores identificados y cuyo fallecimiento ha superado el periodo fijado para entrar en dominio público.

¹³ Por exclusión, las del art. 13, en las condiciones del 129.2, ambos del TRLPI.

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

- Propia, entendéndose por tal a de autoría do ou da que a divulga ou que o fai contando cos dereitos de explotación, sexan exclusivos ou cedidos para esas modalidades e no prazo pactado.
- Cando unha obra estea en dominio público, sempre co respecto á integridade dos dereitos morais.
- Da que se conta coas autorizacións ou licencias correspondentes.
- Que se realiza amparándose nalgunha das excepcións e límites dos arts. 31 a 40 do TRLPI.

En contraposición, entenderase por divulgación ilícita toda aquela que non se produza nos supostos sinalados.

4. No caso de obras divulgadas por partes, volumes, entregas ou fascículos, que no sexan independentes e cuxo prazo de protección comece a transcorrer cando a obra fora divulgada de forma lícita, dito prazo computarase por separado para cada elemento.

5. Todos os prazos sinalados no cadro do apartado 2 **computaranse desde o día 1 de xaneiro** do ano seguinte ao do evento que motiva o inicio do cómputo.

5. Límites derivados da propiedade industrial

1. Quedan excluídos do acceso regulado nesta instrución os expedientes ou documentos relativos a materias protexidas polo secreto comercial o industrial, titularidade de terceiros ou da propia Administración e que se exclúsen motivadamente de acordo coa Lei 7/2007. Os dereitos de propiedade industrial e comercial afectarían ás invencións industriais (patentes, modelos de utilidade, certificados complementarios de protección de medicamentos e produtos fito sanitarios), signos distintivos (marca e nome comercial), propiedade industrial do deseño (deseños, produtos ou produtos complexos, debuxos, modelos industriais), indicacións xeográficas de orixe, topografía de produtos semicondutores, obtencións vexetais, etc., regulados polas súas respectivas normativas.

Así mesmo, haberán considerarse a definición de secreto empresarial que se contempla no art. 1 da Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de Secretos Empresariais.

2. De conformidade co sinalado neste punto, non poderán ser obxecto de difusión os proxectos técnicos ou documentación similar aportada polos particulares para a obtención de licenzas urbanísticas ou doutro tipo, subvencións, etc.; as ofertas ou proposicións efectuadas polos licitadores (que non resultaran adxudicatarios) nos procedementos de contratación, salvo que o propio procedemento tal posibilidade prevese (concursos de ideas con concesión de primas pola participación, p.ex.); e demais supostos relativos a documentos, calquera sexa o seu tipo ou soporte, afectados por dereitos da propiedade industrial.

3. Non obstante, de ser titular a Deputación destes dereitos, ou terceiros cos que se puidera ter conveniado ou que os cederan, estarase ao sinalado nos apartados b) e c) do punto 4.1 desta instrución, que se entenderá referido aos dereitos da propiedade industrial.

En canto aos fondos dos Concellos ou outras entidades, estarase ao sinalado no punto 8 desta instrución. Respecto á catalogación dos fondos non accesibles directamente, ao precisado no punto 7.

4. De, excepcionalmente, pretenderse a publicación dalgún documento ou obra afectado polos dereitos sinalados no punto 1 e do que se presuma que pode ter transcorrido o prazo de protección outorgado pola lexislación vixente, analizarase caso por caso e xustificarase o interese público na súa difusión, instando o informe xurídico correspondente.

6. Condicións da difusión e do uso

1. A información que se inclúa no repositorio:

- Figurará dunha forma clara, estruturada e entendible para os interesados e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Facilitarase a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a súa reutilización. Todo nos termos contidos no art. 5 da Lei 37/2007.
- **Non poderá ser obxecto do acceso obxecto desta instrución a información que se relaciona nos supostos do art. 3.3 e 3.4 da Lei 37/2007, do 16 de novembro.**
- A información reutilizable non supón a exclusividade do seu uso para ningún usuario, excepto nos casos sinalados no art. 6 da Lei 37/2007, o que implicaría un acordo de exclusividade e a súa non publicación.
- Haberán observar os límites lembrados nesta instrución. Neste sentido, e polo que respecta aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial, haberá de comprobarse que se encontran no dominio público ou sexan titularidade da Deputación. Noutro caso haberá que estarse aos termos da cesión ou autorización de uso, que necesariamente se observarán e, no seu caso, farán constar.

Por outra banda, e como se sinalou no punto 4.1 b) desta Instrución, haberán de considerarse os documentos que, por razóns motivadas, non se poñan a disposición pública sen máis para a súa reutilización, como nos supostos contemplados nos apartados d), g), h), k) ou l) do art. 3 da Lei 37/2007.

- En todo caso, as obras ás que se posibilite o acceso deberán especificar a súa autoría e garantir a súa integridade, nos termos previstos nos apartados 3º e 4º do art. 14 do TRLPI. Neste sentido, os documentos ou obras accesibles a través do programa ATOPO haberán de contar cos mecanismos técnicos que identifiquen ao seu autor/a e a integridade da súa obra, sen prexuízo da súa posible cita ou reprodución parcial, sempre que se aclare tal. Estes extremos tamén serán de aplicación ás meras fotografías.
- Respecto das obras das que a Deputación ostente os dereitos de propiedade intelectual identificaranse co símbolo © anteposto ao seu nome.

2. As seguintes condicións faranse constar no portal de acceso:

O uso da documentación custodiada nos arquivos provinciais á que se teña acceso a través da rede efectuarase de conformidade coa Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A utilización das obras, imaxes e demais información adaptarase ao precisado pola normativa en materia de protección de datos, reguladora da propiedade intelectual e industrial, e demais de aplicación.

En concreto, tal uso sométese ás seguintes condicións:

- O contido da información, incluíndo os seus metadatos, non poderá ser alterado.
- Non se desnaturalizará o sentido da información.
- Citarase a Deputación como fonte de obtención, así como a data da última actualización, salvo que tales datos xa consten nos propios documentos.
Non obstante, non se poderá indicar, insinuar ou suxerir que a Deputación, como fonte da información e/ou titular da mesma, participa, patrocina ou apoia a reutilización que se leve a cabo con ela. Esta advertencia esténdese á información que obre no repositorio xestionado pola Deputación e que proceda de Concellos ou outras entidades, ou sexa obxecto de cesión, respecto dos seus titulares, entidades orixe ou cesionarios.
- Cando a información conteña datos de carácter persoal (que será se a súa obtención fose posible segundo o sinalado no punto 3), unicamente poderá ser utilizada para o exercicio dos seus dereitos por quen sexa titular dun interese lexítimo, por razóns de investigación histórica, científica ou estatística, e sempre de conformidade coa normativa de protección de datos e reguladora da protección do dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
- Cando a información, aínda sendo facilitada de forma dissociada e precisamente en atención a esta disociación, contivera elementos suficientes que puideran permitir a identificación dos interesados no proceso de reutilización, prohibese reverter o procedemento de disociación mediante a adición de novos datos obtidos doutras fontes.
- Non poderán ser obxecto de reutilización os logotipos, divisas e insignias que podan encontrarse nos documentos ou obras.
- A utilización da realizarase por parte dos usuarios ou axentes da reutilización baixo a súa responsabilidade e risco, correspondéndolles en exclusiva a eles mesmo responder fronte a terceiros por danos que puideran derivarse dela.
A Deputación non será responsable do uso que da súa información fagan os axentes reutilizadores ni tampouco dos danos sufridos ou perdas económicas que, de forma directa ou indirecta, produzan ou poidan producir prexuízos económicos, materiais ou sobre datos, provocados polo uso da información reutilizada.
Así mesmo, a Deputación non garante a continuidade na posta a disposición dos documentos e obras, ni en contido nin en forma, nin asume responsabilidades por calquera erro ou omisión contido neles.
- A persoa usuaria deberá respectar en todo momento os dereitos morais do/a autor/a incluídos no art. 14.3º e 14.4º do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.
Neste sentido, o uso das obras suporá a obriga da persoa usuaria de citar xunto con cada obra e, con carácter xeral, o nome do seu autor/es e, no seu caso, o título atribuído polo/s mesmo/s. Isto salvo que tales datos xa consten na propia obra, ou parte da mesma, que se utilice.

- O uso das frases con fins lícitos e a licenza para a reutilización do material gráfico non comprende dereito ningún á utilización, no seu caso, da imaxe das persoas, sexan modelo ou non, que aparezan reproducidas no material gráfico, nin a reproducir os nomes comerciais, marcas, logos, etc. A persoa usuaria é responsable de obter as autorizacións necesarias en materia de imaxe ou marca comercial.
- Aqueles documentos ou obras sobre os que existan dereitos de propiedade intelectual ou industrial por parte de terceiros, e que foran expresamente cedidos, ou autorizados para o seu acceso público a través da rede, non poderán ser empregados con fins comerciais nin difundidos, explotados ou tratados de calquera modo incompatible coa titularidade de tales dereitos. Estarase en todo caso ás condicións do seu uso, e sen prexuízo da posibilidade de obter as autorizacións pertinentes por parte dos titulares, cuxos datos de contacto poderán ser dados pola Deputación de existir autorización pola súa parte.
- Lémbrese que, de conformidade co art. 4.8 da Lei 37/2007, a posta a disposición dun documento ou obra sobre o que a Deputación ostente dereitos da propiedade intelectual non supón renuncia ao dereito a súa explotación, nin é impedimento para a modificación dos datos que no mesmo consten como consecuencia do exercicio das súas funcións ou competencias.
A Deputación é titular das imaxes derivadas dos procesos de dixitalización, se ben os comparte, e permite a súa reutilización nos termos que se refiren, sen suxeición a licenza- tipo ou autorización.
- Así mesmo e de conformidade co art. 12 do TRLPI, a Deputación será titular dos dereitos sobre as bases de datos e coleccións en que, en definitiva, se poñen a disposición a través da plataforma dixital. Dita titularidade se referirá á estrutura en canto forma de expresión da selección ou disposición dos seus contidos.
- O acceso dixital a través da rede e sen trabas de identificación ao que se refire esta instrución será gratuito e non exclusivo.
Non obstante, a obtención de reproducións de calidade, en determinados formatos, poderá ser obxecto do cobro da tarifa correspondente, fixada a través da ordenanza ou instrumento que sexa preciso, e de conformidade co art. 7 da Lei 37/2007. Nestes casos, a súa obtención podería someterse a licenzas tipo, previamente aprobadas, segundo o art. 4 da anterior lei.

7. Catalogación dos fondos

1. Como se expuxo, a iniciativa ATOPO ten o dobre obxectivo de dixitalizar e posibilitar o acceso a través da rede directo a todas aqueles fondos susceptibles de tal e, ao tempo, incorporar un catálogo, a modo de índice, dos restantes documentos ou obras que non son directamente accesibles, senón logo de petición individualizada ou que, podendo selo, aínda non se encontren dixitalizados. Este catálogo articularase do seguinte modo:

- a) Bibliografía.

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Amósase unicamente a ficha bibliográfica: datos da publicación, condicións de consulta e/ou préstamo e, de existir, unha imaxe da cuberta da publicación, como en calquera catálogo convencional de biblioteca.

Se esta portada inclúe unha fotografía ou imaxe de autor con valor independente, estarase ás condicións do seguinte apartado para a súa reprodución.

b) Resto de fondos.

Amósase unicamente a súa ficha: datos da publicación, condicións de consulta e/ou préstamo e, de existir e tratarse de fondos gráficos, ou cunha imaxe que permita a súa previsualización, poderá engadirse unha miniatura da fotografía (thumbnails), diapositiva, tarxeta postal, portada, etc., para facilitar así o coñecemento da referencia.

Tratándose de fotografías ou imaxes cuxo valor sexa a propia fotografía ou imaxe, haberán de encontrarse no dominio público, os seus dereitos de autor pertencer á Deputación ou encontrarse cedidos en termos válidos para esta publicación. Noutro caso, a súa publicación solo procederá en miniatura e garantindo, mediante mecanismos tecnolóxicos de protección, á imposibilidade do seu uso ou copia e impresión se non é no formato exposto, e respectando en todo momento a identificación do autor, a integridade da imaxe e a advertencia de que pode ser obxecto de dereitos de autor.

2. En ningún caso procederá a publicación de imaxes, gráficos, documentos ou calquera forma de reprodución, daqueles que se encontren sometidos a dereitos da propiedade industrial ou comercial, salvo nos supostos precisados no punto 5.3 desta instrución.

3. En todo caso, a estruturación da información en concreto, cos límites lembrados nesta instrución, acordarase polo SPDB e o Museo da forma que se entenda máis operativa e accesible.

8. Fondos procedentes dos Concellos ou outras entidades

1. O proceso de dixitalización pola Deputación da información procedente de arquivos, bibliotecas ou museos titularidade dos Concellos, entidades institucións ou particulares da provincia respondeu a un proceso conxunto, prefixado nunha convocatoria pública e definido cun alcance similar na súa pretensión inicial, que contou co consentimento, participación e colaboración de cada un dos implicados no seu desenvolvemento, baixo a dirección do Servizo de Novas Tecnoloxías e coa coordinación e colaboración do SPDB.

2. Neste sentido, para proceder á difusión destes os fondos:

- Haberá que estar aos termos do consentimento de cada un dos axentes anteriores. Para novos fondos dixitalizados, ou para completar dito consentimento, poderá instarse do seus representantes legais e con competencia ao efecto, así como dos particulares, a súa autorización adheríndose a este documento e as súas condicións.
- Os fondos deberán ser publicables de acordo co sinalado nesta instrución, especialmente polo que respecta á protección de datos e dereitos da propiedade intelectual e industrial.

- A publicación dos fondos provenientes doutras administracións, institucións ou particulares, seguirá as regras contidas nesta instrución e as que os propios titulares poidan sinalar.
- Na publicación garantirase a orixe dos documentos ou obras mediante a referencia a tal orixe e lugar onde se haxan depositados os orixinais.

3. Para favorecer o anterior poderanse elaborar modelos de documentos de autorización e adhesión a esta instrución, segundo a clase de axentes; autorización e condicións que se poderán modular de acordo coas pretensións de cada titular.

4. Por outra parte, poderá conveniarse que, respecto dos novos fondos que se aporten ou mesmo dos xa aportados e cuxa publicación se inste, se efectúe un control previo por parte dos servizos dos Concellos do cumprimento das condicións esixidas pola lexislación de protección de datos de carácter persoal, da propiedade intelectual e industrial, da reutilización e demais que fose de aplicación. A aportación dos fondos, ou sinalamento dos xa aportados, co informe de cumprimento destes requisitos por persoa/s técnica/s con competencia ao respecto, poderá facultar á Deputación para a súa publicación sen máis, actuando como mero axente e asumindo o Concello que tal publicación/s ordene a responsabilidade íntegra derivada das mesmas.

Nestes casos o portal ATOPO convértese nunha mera ferramenta, unha plataforma de difusión, posta a disposición dos Concellos para acadar os fins de acceso aberto que o xustifican.

5. Respecto do acceso individualizado, aplicaranse as regras do punto 10 desta Instrución, sen prexuízo do seu desenvolvemento posible polo que a este aspecto se refire.

9. Posibles terceiros afectados

En atención ao tipo de documentación de que se trata así como as condicións expresadas para a súa publicación (disociación; falecemento titulares; consentimento na propia publicación; transcurso de prazos respecto datos de carácter persoal non sensibles, e non difusión dos que teñan tal carácter; prazos así mesmo para a extinción dos derivados da propiedade intelectual e ingreso no dominio público; titularidade dos da propiedade industrial, etc.) son dificilmente imaxinables a presenza terceiros cuxos dereitos ou intereses puideran resultar afectados pola información publicada.

Non obstante, se no expediente, ou por calquera circunstancia se tivera constancia da existencia de terceiros, debidamente identificados, que hipoteticamente puideran ser titulares de dereitos ou intereses afectados por tal publicidade, haberá outorgárselles a correspondente audiencia (art.19.3 Lei 19/2013), instando o seu consentimento na publicación que se trate, e ditándose resolución ao respecto.

Nestes casos poderá instarse informe da Secretaría Xeral.

10. Acceso individualizado á información pública

A presente instrución non se ocupa das peticións individualizadas de acceso aos fondos obrantes no SPDB e o museo que, chegado o caso, poderán ser obxecto de instrución diferenciada. Non obstante, efectúanse as seguintes precisións:

JLMR

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

1. As solicitudes de acceso a unha obra ou documento en concreto por parte de calquera persoa serán estimadas sen máis cando concorran as condicións que permitirían o seu acceso dixital directo a través de ATOPO sinaladas nesta instrución. Neste sentido lémbrese que, como se expuxo no punto 1, este acceso solo se refire á documentación ou obras accesibles e mesmo reutilizables, incluíndo as que teñan un interese xeral por razóns históricas, artísticas, científicas, estatísticas ou culturais en xeral. **Non se inclúe** o acceso aos expedientes nos que o principal ou único interese deducible sexa o dos particulares ou persoas individuais afectadas.

Tratándose de supostos que serían accesibles directamente a través de ATOPO (pero que no se encontran dixitalizados ou accesibles polas razóns que fose), autorizaranse por mera dilixencia da xefatura do SPDB ou do Museo, logo dos informes ou comprobacións que poda determinar no eido da súa autonomía funcional.

En todo caso, na comunicación na que se exprese tal acceso advertiranse as condicións de uso referidas no punto 6.2 desta instrución, se ben adaptadas ao acceso individualizado.

2. As restantes solicitudes resolveranse de conformidade cos arts 12 e ss. da Lei 19/2013, de 9 de decembro, considerando a ponderación dos elementos que se contempla no seu art. 15, así como a audiencia aos terceiros debidamente identificados se a información solicitada puidera afectar aos seus dereitos ou intereses. Estas solicitudes esixirán resolución administrativa, logo de informe ao efecto, que haberá ser debidamente motivada.

Teranse en conta, así mesmo:

- Os supostos de lexitimación especial por razón da materia, así nos casos de urbanismo e medioambiente.
- As limitacións impostas pola normativa sectorial, como pode ser á relativa ao secreto censual (art. 41 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 xuño, do Réxime Electoral Xeral); estatístico (Lei 12/1989, de 9 de maio, da función estatística pública); secreto fiscal ou tributario (Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria); secreto sanitario (Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, Lei 41/2002, de 14 novembro, básica reguladora da autonomía do paciente y de dereitos y obrigas en materia de información e documentación clínica); etc.
- A posibilidade de disociación dos datos e de acceso parcial, que será a regra xeral cando medie a presenza de datos de carácter persoal.
- As demais limitacións referidas nesta instrución en relación coa protección dos dereitos da propiedade intelectual e industrial, e demais advertidas no art. 3.3 da Lei 37/2007.

Non obstante, e polo que respecta á propiedade intelectual, lémbrense así mesmo os límites que aos propios dereitos de autor se contemplan nos arts. 31 e ss do TRLPI (incluídas as meras fotografías, por remisión do seu art. 129), que se desenvolven no documento referido "*Documentación y Gestión de los Derechos de Propiedad intelectual del Patrimonio Fotográfico...*", elaborado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (páxs. 301 e ss e ás que se remiten; 325 e ss.). Estes

límites facultarían para a concesión de determinados tipos de autorizacións a terceiros para uso das obras, se ben con cláusulas ou condicións que podería, e sería conveniente, facer constar.

Así mesmo, recórdanse as posibilidades de préstamo do art. 37 do TRLPI, que non son obxecto da presente instrución.

3. O acceso logo de petición individualizada será gratuito, de tratarse de documentos ou obras que serían susceptibles de acceso dixital; se esixe dunha comprobación previa de conformidade co sinalado estarase ao que podan dispor as Ordenanzas fiscais provinciais.

4. Nas resolucións de autorización especificaranse as condicións de uso que se sinalan no punto 6.2 de esta Instrución, se ben adaptadas ao acceso individualizado.

5. O dereito de acceso supón o dereito de obter copias ou certificacións dos documentos, dereito que se exercerá de conformidade co art. 24 da Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. A consulta directa así como mediante a utilización dos instrumentos que a faciliten será gratuita; a obtención de copias ou certificacións poderá implicar o pago das taxas ou prezos públicos que podan encontrarse aprobados.

11. Regra xeral de interpretación

As dúbidas que respecto do acceso contemplado nesta instrución puideran presentarse resolveranse a favor da maior protección dos dereitos de carácter persoal, do honor, intimidade e propia imaxe, ou dos derivados da propiedade intelectual ou industrial.

Poderá completarse cos informes que se insten a consecuencia dos supostos que puideran presentarse.”

O que lle traslado, para o seu cumprimento e efectos, solicitando do servizo de Novas Tecnoloxías a súa inserción na intranet desta Deputación.

Pontevedra, 24.05.19.

O SECRETARIO,

Carlos Cuadrado Romay.

SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO
MUSEO
SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS
PUBLICACIÓN NA INTRANET